



**REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL  
LOURIZÁN  
14/09/15**

**Xuntanza entre o concelleiro Demetrio Gómez e o consello parroquial de Lourizán** no que se trataron diversos temas:

- Presentación do proxecto dunha nova fase de acondicionamento da zona da Carballeira
- Accesibilidade e seguranza viaria no entorno dos colexios da parroquia: Sagrado corazón de Praceres e A Carballeira

**Acondicionamento Carballeira**

Neste proxecto van incluídos: construción de muros, zanxas drenantes e ensanchamento de diversas zonas. En breve convocarase aos veciños do lugar para estudar o proxecto e plantexar suxerencias. A obra comenará no que queda de ano e terá un custo de 235.643,00 €. Quedaría pendente unha última fase que se intentaría licitar ao longo do vindeiro ano.

**Seguranza viaria nos colexios**

Preséntase un informe elaborado pola policía local onde se pon especial interese en solucionar os problemas de seguranza viaria nos colexios da parroquia. Especialmente preocupante é o volume de tráfico e peóns no colexio do Sagrado Corazón en horas de entrada e saída do colexio, facendo practicamente imposible que acceda calquera vehículo de emerxencias.

**Colexio da Carballeira**

Despois da reunión mantida coa ANPA e dirección do colexio para analizar os problemas de acceso ao mesmo; preséntase por parte do Concello unha posible solución.

Se hai un acordo coa Comunidade de Montes (propietaria dunha parcela na zona) preténdese separar os accesos peonís e os dos coches. Arranxaríase un camiño de pé existente e continuaríase, ata o colexio, cunha pasarela de madeira. Os autobuses terían a parada xusto onde comenza dita pasarela.

Polo outro lado do colexio existen dúas opcións:

- A primeira sería o calzado de tráfico mediante lombos, na que cohabitarían coches con peatóns: a chamada plataforma única con velocidade reducida.
- A segunda sería o arranxo dun camiño que nestes momentos se atopa en moi malas condicións, para iso hai que estudar de quen é a titularidade do mesmo por si fora necesaria a súa cesión.

### **Colexio Sagrado Corazón de Praceres**

No informe redactado pola policía local destácase o grave problema de tráfico que existe na zona do Cabo e na praza dos Praceres en horario de entrada e saída do colexio co conseguinte perigo para os nenos e peóns que transitan pola zona. Destaca tamén a imposibilidade de que podan acceder vehículos de emerxencias neses horarios.

Desde o concello plantéxanse varias solucións:

1. Quitar os coches da entrada do colexio, que vaian aparcarse ao lado do campo de fútbol e dende alí ata o colexio habilitarase un acceso exclusivo para peóns.
2. O acceso ao colexio e ao lugar do cabo só será para vehículos autorizados dos seguintes colectivos: residentes, mariscadoras, profesores do centro, discapacitados e pais de nenos de infantil. A ditos colectivos entregaráselles unha tarxeta para que poidan acceder (como as que dan acceso a zona monumental da cidade)
3. Habilitarase zonas de aparcamento arredor da confraría e no parque infantil.
4. Prohibir o paso de vehículos por diante da igrexa mediante a instalación de bolardos que poderán ser retirados en momentos puntuais (bodas, enterros, etc), quedando así a zona libre para o paso dos nenos.
5. Deixar de sentido único a rúa interior da praza: anhear e arranxar a beirarrúa e reordear os aparcamentos. Tamén se cambiará o alumeadado público (sustitución por leds)

### **Outros temas:**

Mandar a Viacua para tratar de solucionar o problema de fecais en dúas vivendas dende que se puxo o alcantarillado

Convocar un novo consello parroquial para facer o seguimento do plan de parroquia